



M<sup>a</sup> Teresa García Guillán, concelleira do PSdeG-PSOE da Pobra do Caramiñal, integrada no Grupo Mixto, ao abeiro do disposto no art. 97.3 do R.O.F., para o seu debate na vindeira sesión plenaria, presenta ó Pleno unha moción solicitando o apoio plenario as mobilizacións e reivindicacións dos xubilados e pensionistas de A Pobra do Caramiñal.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A este pleno xa se trouxeron anteriormente algunhas mocións que, con máis ou menos sorte, solicitaban o apoio á loita que se está mantendo en todo o Estado na defensa do sistema público de pensións.

Este movemento arraigou con forza no noso municipio. Así, hai 17 semanas un pequeno grupo persoas activáronse e saíron por primeira vez a manifestarse cuns carteis.

Hoxe en día, este grupo converteuse nun grupo de 200 persoas que semana tras semana sae a esixir e a defender os seus dereitos. Este grupo de persoas, que non entende de siglas, nin de ideoloxías, con perseveranza e con ganas de loitar están a darnos unha auténtica lección.

Son parte dunha xeración que xa batallaron nos anos da transición, nos anos nos que se loitou polos dereitos laborais que lamentablemente, en parte, perdemos.

Dende o Partido Socialista cremos que chegou o momento de que este pleno apoie rotundamente a loita destes pobrenses que semanalmente se manifestan na Pobra.

E por elo, que solicitamos que o Pleno adopte os seguintes

## ACORDOS:

- Que o Pleno da Pobra do Caramiñal apoie especialmente ó grupo de xubilados e pensionistas do noso municipio e sen dúbida a tódolos colectivos de pensionistas.
- Respaldalos publicamente, dando a coñecer este acordo plenario a este movemento cidadán na loita por unhas pensións públicas dignas e de calidade, tanto para os pensionistas actuais como para as xeracións futuras.

A Pobra do Caramiñal, a 13 de xuño de 2018



Mª Teresa García Guillán

**ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL**